

O IPC DO ANO 2024 CONFIRMA A PERDA DE PODER ADQUISITIVO DO CONXUNTO DOS TRABALLADORES DAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

14/01/2025

O INE (Instituto Nacional de Estadística) acaba de publicar o IPC xeral do 2024 que pecha o ano 2,8%.

Segundo o acordo asinado por CCOO e UGT (“Acuerdo Marco para una Administración del Siglo XXI”, asinado para o período 2022-2024) este dato do IPC leva implícito unha suba adicional do 0,5%, o ser IPC armonizado do período 2022, 2023 e 2024 superior o incremento retributivo fixo acumulado do 2022, 2023 e 2024 establecido no acordo.

É dicir, con este “mal” **acordo que a CIG no asinou**, e que denunciámos no seu momento, os nosos salarios soben no mellor dos casos e unha vez que se aplique este 0,5%, un 2,5% no ano 2024 cando o IPC do ano 2024 é do 2,8%.

O Pacto de Rendas asinado polo Goberno do Estado cos sindicatos CCOO e UGT no ano 2022 foi vendido publicamente como un acordo para recuperar o poder adquisitivo, algo que o tempo e os datos nos confirman que foi unha **¡MENTIRA!** e que seguimos coa perda de poder adquisitivo.

Dende a CIG, denunciámos unha vez máis que estes acordos asinados polos sindicatos CCOO e UGT non só non permiten recuperar o “arrebatao” estes últimos anos, se non que deprecian aínda máis os nosos salarios. Seguen a asinar acordos por debaixo do IPC que nos empobrecen cada vez máis.

Dende a CIG demandamos ao Goberno a necesidade de un novo acordo onde se inclúa unha cláusula de revisión salarial, no que se garanta a recuperación das pagas extras integras derogadas no ano 2010, e a recuperación do poder adquisitivo perdido. Nos últimos sete anos CCOO, UGT e CSIF asinaron acordos coa administración que supuxeron unha perda de máis dun 20%.

<https://www.cigadmon.gal/estatal>